

# SAMAÍN

---

**Actividade:** Celebración do Samaín.

**Destinatarios:** Todo o colexio.

**Data:** 31/10/2023

**Ambientación:**

No cole está a pasar algo raro, chegamos ás aulas e atopamos instrumentos de música fora do seu lugar, as cadeiras tiradas polo chan, todo revolucionado...e todo isto acompañado dunha extraña e noxenta pegada. Que está a pasar??

Á bruxa Rulana escapóuselle a súa mascota máxica que está a facer trasnadas polo cole adiante. A noite do día 31, noite dos mortos, conseguirá traspasar finalmente ao fogar dos vivos e será libre para campar as súas anchas facendo falcatruadas.

Soamente coa axuda dos nenos e nenas do colexio, a bruxa Rulana conseguirá os ingredientes necesarios para facer unha pócema coa que atrapar á súa mascota. Lograrán os cativos do Fonte Escura encerrar a esta revoltosa criatura?

## **Descripción da actividade:**

Un par de días antes da celebración os nenos/as atoparán as súas clases con todo revolto e unha extraña pegada.

O día da celebración irán por grupos á biblioteca, onde lles espera a bruxa Rulana. Alí explicaralles que a súa mascota, o trasno Bromista, escapou e que necesita uns ingredientes para facer unha apócema coa que atrapalo novamente.

Tras isto o alumnado baixará á aula multiusos que estará ambientada, e terán que atopar 4 frascos cos ingredientes da apócema.

Finalmente, volverán subir á biblioteca para, entre todos, elaborar o beberaxe co que atrapar ao trasno Bromista.

FOTO/OS:

